



CONSELLO GALEGO DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VIGADOS



A CA DAR

Asociación de mulleres
con discapacidade de Galicia

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE, ACADAR

“IV Asemblea Xeral Extraordinaria, 2021”



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"



ÍNDICE

PREÁMBULO	4
CAPÍTULO I	
DA ASOCIACIÓN	
Artigo 1. Denominación	5
Artigo 2. Personalidade.....	5
Artigo 3. Domicilio	5
Artigo 4. Duración, ámbito e Delegacións	5
Artigo 5. Misión.....	6
Artigo 6. Principios e valores	6
Artigo 7. Fins	7
Artigo 8. Medios.....	8
CAPÍTULO II	
DAS SOCIAS	
Artigo 9. Socias.....	9
Artigo 10. Tipo de Pessoas Socias	9
Artigo 11. Socias de Honra e persoas Socias Colaboradoras	10
Artigo 12. Ingresos e baixas	11
Artigo 13. Procedemento de admisión	11
Artigo 14. Documentos de admisión	11
Artigo 15. Número de socias.....	11
Artigo 16. Deberes	12
Artigo 17. Dereitos	12
Artigo 18. Réxime disciplinario	13
Artigo 19. Perda da Condición de Persoa Socia	13
CAPÍTULO III	
DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	
Artigo 20. Órganos de Goberno	14
Artigo 21. Asemblea Xeral	14
Artigo 22. Delegación.....	14
Artigo 23. Participación na Asemblea	14
Artigo 24. Funcións da Asemblea Xeral	15





Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Artigo 25. Clases de Asemblea e convocatoria	16
Artigo 26. Acordos da Asemblea Xeral	17
Artigo 27. Xunta Directiva.....	18
Artigo 28. Duración da Xunta Directiva	19
Artigo 29. Elección da Xunta Directiva.....	19
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva.....	19
Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva.....	20
Artigo 32. Comisión Permanente.....	21
Artigo 33. Comisión de Ética	21
Artigo 34. Presidenta	21
Artigo 35. Vicepresidenta	22
Artigo 36. Secretaría	22
Artigo 37. Tesoureira	23
Artigo 38. Vocais	23

CAPÍTULO IV

DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39. Impugnacións	24
Artigo 40. Recursos	24

CAPÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 41. Recursos económicos.....	25
Artigo 42. Cotas.....	25
Artigo 43. Pago de cotas	25
Artigo 44. Orzamento	26

CAPÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 45. Procedemento de modificación	26
--	-----------

CAPÍTULO VII

DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46. Disolución.....	26
Artigo 47. Comisión liquidadora	27
Artigo 48. Asemblea Xeral no período de liquidación	27
Artigo 49. Destino dos bens resultantes.....	27



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR

"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

PREÁMBULO

Se ben as persoas con discapacidade forman un colectivo moi diverso con problemas de inclusión, a situación da muller con discapacidade presenta maiores niveis de discriminación ao sumarlle o aspecto de xénero.

As mulleres con discapacidade viven unha discriminación interseccional polo que se require adoptar actuacións especializadas para romper as causas estruturais que orixinan estas desigualdades, así como unha voz representativa que traballe polo interese xeral das mulleres con discapacidade e que participe nas distintas áreas sociais: a loita contra a violencia e a exclusión, inclusión social e sociolaboral, saúde, ocio e tempo libre, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a infancia, xuventude e terceira idade, os medios de comunicación, prevención da discapacidade, maternidade, sexualidade, etc...

A finalidade desta asociación é a igualdade real e efectiva das mulleres con discapacidade, conseguindo a súa plena inclusión na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

**CAPÍTULO I
DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 1
Denominación**

Ao amparo do artigo 22 da Constitución, ao establecido na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, a Lei 49/2002 de Mecenazgo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes estatutos; constitúese e rexerase a entidade denominada Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, en diante "**ACADAR**".

ACADAR é o resultado da libre vontade das súas socias, ostentando a súa representación no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, estatal e internacional.

**Artigo 2
Personalidade**

ACADAR ten personalidade xurídica propia e independente da das súas socias e conforme ao artigo 35 e seguinte do Código Civil, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

**Artigo 3
Domicilio**

O enderezo social de **ACADAR**, a efectos legais, queda establecido na rúa Dublín, nº 3 Baixos, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña.

O cambio de domicilio social requirirá a aprobación da Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva poderá acordar a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuación, e de outros lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento de **ACADAR**.

**Artigo 4
Duración, ámbito e Delegacións**

ACADAR constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR "IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

O ámbito territorial de **ACADAR** é o da Comunidade Autónoma de Galicia, sen embargo, poderá ser modificado en atención ás necesidades do colectivo de mulleres con discapacidade.

Ademais poderá pertencer e actuar con outras organizacións de ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.

ACADAR poderá abrir delegacións en todos aqueles lugares que acorde a Xunta Directiva. A apertura de Delegacións será presentada, para a súa ratificación, na primeira Asemblea Ordinaria ou Extraordinaria que se celebre.

Artigo 5 **Misión**

A misión de **ACADAR** é a de PROMOVER, COORDINAR E REINVINDICAR a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade cara a súa plena inclusión e participación en todos os ámbitos da sociedade.

Artigo 6 **Principios e valores**

ACADAR defíñese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gobernalmental, de carácter voluntario, e poderá solicitar a súa declaración de Utilidade Pública.

ACADAR basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidariedade entre as súas integrantes.
- Transparencia na xestión e actuación da entidade e das súas persoas socias.
- Defensa das necesidades sociais por encima de intereses particulares.
- Desbotar protagonismos e actitudes competitivas.
- A defensa do colectivo como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas e asistenciais.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Artigo 7

Fins

Os fins principais de **ACADAR** son:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real.
2. Promover a plena inclusión escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade.
3. Crear as condicións para que as persoas socias poidan cumplir axeitadamente a misión.
4. Promover actitudes sociais positivas cara as mulleres con discapacidade en todos os ámbitos e idades da vida.
5. Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade
6. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
7. Favorecer e promover o enfoque social e de dereitos humanos nas actuacións da Asociación, acorde coas premisas da Convención Internacional dos Dereitos das Pessoas con Discapacidade
8. Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado **ACADAR** con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral.
10. Representar ás súas persoas socias no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos dirixidos á muller con discapacidade
12. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da muller.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e xuventude das mulleres.
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das mulleres maiores.
15. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
16. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para mulleres con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
17. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativos e de lecer orientadas ás mulleres con discapacidade.





Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

18. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social.
19. Promover e desenvolve programas e actividades dirixidos á eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, a promover e favorecer á coeducación, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural.
20. Promover, desenvolver e abordar todo tipo de resposta eficaz e de xeito especial dirixidos á prevención e erradicación de todo tipo de violencia contra as mulleres con discapacidade, incluída a violencia de machista, de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas ás situacións de discriminación múltiple ou se atopen nalgunha situación de vulnerabilidade .
21. Promover e desenvolver programas e actividades dirixidos á defensa e promoción da igualdade de tratamento e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero .
22. Promover e desenvolver programas e actividades dirixidos á cumplir os obxectivos do desenvolvemento sostible.
23. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de **ACADAR** ou redundar no beneficio das mulleres con discapacidade.

Artigo 8
Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins, **ACADAR** poderá:

- a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudio, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das mulleres con discapacidade e o seu entorno.
- c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acadar os fins de **ACADAR**.
- d) Establecer un sistema coherente na estruturación do Movemento Asociativo.
- e) Promover o Voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostento económico do Movemento Asociativo.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

- g) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, que teña unha tipoloxía autorizada por Lei; na que primen a inserción socio-laboral das mulleres con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- h) A promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das mulleres con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos coas demais persoas traballadoras, conforme á lexislación vixente en todos os casos, priorizando:
- Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integralmente nas propias persoas traballadoras con discapacidade e/ou na labor social de dita asociación.
 - Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integralmente no propio cadre de persoal do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao Movemento Asociativo.
- i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPITULO II DAS SOCIAS

Artigo 9 Socias

ACADAR constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presente Estatutos, todas as mulleres con discapacidade que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de **ACADAR** na defensa da plena inclusión das mulleres con discapacidade.

Artigo 10 Tipos de Pessoas Socias

ACADAR terá as seguintes clases de persoas socias:

- Socias de derecho
- Socias de honra
- Socias colaboradoras



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

As Socias de dereito:

- a) As mulleres con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio dos dereitos e deberes.
- b) As mulleres con discapacidade menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, das súas nais, pais ou persoas titoras.
- c) As nais, os pais, persoas titoras ou representantes legais en representación das mulleres con discapacidade incapacitadas ou menores de 14 anos de idade.
- d) Mulleres que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das mulleres con discapacidade, tendo que vir avalado por 10 socias de ACADAR, non podendo alcanzar un número superior a un 20 por cento da totalidade das socias de dereito.

Artigo 11
Socias de Honra e persoas Socias Colaboradoras

ACADAR poderá ter Presidenta de Honra.

Socias de Honra:

Poderán ser nomeadas socias de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de **ACADAR** e do colectivo que representa.

As socias de honra non estarán suxeitas ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto

Persoas Socias Colaboradoras:

Poderán ser nomeadas persoas socias colaboradoras todas aquellas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con **ACADAR** mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. As persoas socias colaboradoras non son titulares de obrigas nin dereitos.



Artigo 12 **Ingresos e baixas**

O ingreso en **ACADAR** como persoa socia da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá ser resolto sen a audiencia da parte interesada.

Artigo 13 **Procedemento de admisión**

O procedemento de admisión das persoas socias será:

- Mediante solicitude escrita ou comunicación da interesada dirixida á Presidenta.
- Presentación da documentación esixida.

Artigo 14 **Documentos de admisión**

Documentación a presentar pola persoa (en cada caso concreto):

- Copia DNI.
- Copia do Certificado do grado de discapacidade
- Copia da resolución xudicial da designación da persoa titora.
- Autorización expresa de nai, pai ou persoa titora.
- Aval acreditativo de 10 socias da entidade.

A Xunta directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 15 **Número de socias**

Non se establece un numero máximo de socias de **ACADAR**.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Artigo 16
Deberes

- 1) Actuar de maneira acorde cos valores de **ACADAR** e respectar a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade.
- 2) Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e de representación de **ACADAR**.
- 3) Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4) Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
- 5) Contribuír ao sostemento de **ACADAR**, aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- 6) Manter absoluto segredo sobre os datos que coñecesen como consecuencia da información adquirida en **ACADAR**.
- 7) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 17
Dereitos

- a) A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o derecho de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos.
- b) A ser informada acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados por **ACADAR**, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- d) Utilizar os servizos de toda índole que se creen en **ACADAR**.
- e) A acceder a toda a documentación da Asociación axustándose aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- f) A ter apoio por parte de **ACADAR** nas iniciativas que se crean oportunas.
- g) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.
- h) A ter copia destes estatutos.
- i) A recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- j) A ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela; a ser informada dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción imposta, en todo caso, deberá ser motivada.



Artigo 18 **Réxime disciplinario**

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de **ACADAR** establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse ás socias que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 19 **Perda da Condición de Persoa Socia**

Poderá perderse a condición de Socia de **ACADAR** por:

- a) Decisión Voluntaria e manifestada por escrito.
- b) Por causa ou disposición legal.
- c) Por expulsión, a causa de:

- Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
- Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
- Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de **ACADAR**.
- Non poñer a disposición de **ACADAR** a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
- Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das mulleres con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión como socia de **ACADAR** só poderá producirse previa audiencia da interesada e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral levando aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de socia.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

CAPÍTULO III
DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20
Órganos de Goberno

ACADAR rexerase polo sistema de autogoberno e o principio de representación,
a través dos seguintes órganos:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva

Artigo 21
Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de governo de **ACADAR** e estará integrada por:

- As socias de derecho de **ACADAR** con voz e voto.
- Todas as mulleres compoñentes da Xunta Directiva da Asociación. A Presidenta e a Secretaria da Xunta Directiva tamén o serán da Asemblea Xeral.

Artigo 22
Delegación

A asistencia e participación na Asemblea Xeral é con carácter xeral indelegable.

De modo excepcional, o voto poderá ser delegado, cando existan motivos de enfermidade que imposibiliten a asistencia á Asemblea.

Como máximo cada membro da Asemblea poderá ostentar un voto delgado.

A delegación de voto farase por escrito, facendo constar expresamente o nome da representante e representada.

Artigo 23
Participación na Asemblea

- Todas as socias de derecho de **ACADAR** terán derecho a voz e voto.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

- Non poderán ser integrantes da Asemblea Xeral todas aquelas mulleres que directamente, ou indirectamente mediante cónxuge ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidesen dar lugar a un conflito de intereses.
- Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitadas, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.
- Á Asemblea Xeral poderán asistir con voz, pero sen voto as Socias de Honra.

Artigo 24
Funcións da Asemblea Xeral

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación de **ACADAR**.
2. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar as diversas persoas socias.
4. Examinar e, no seu caso, aprobar a Memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
5. Establecer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolucións sobre os asuntos que figuren na Orden do Día ou que se susciten co apoio dos dous terzos dos votos presentes.
7. Aprobar a modificación de Estatutos.
8. Ratificar a expulsión de persoas socias de **ACADAR**.
9. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre unha ou máis persoas socias e calquera órgano de **ACADAR**, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de **ACADAR**.
11. Acordar a disolución de **ACADAR**.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"**Artigo 25**
Clases de Asemblea e convocatoria

A Asemblea Xeral reunirase ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 25 por cento das socias de ACADAR. Neste caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluirse todos os asuntos propostos polo 25 por cento das persoas socias que solicitaran a asemblea e indicarase a modalidade de celebración e de asistencia á mesma. A convocatoria comunicarase ás persoas socias cunha antelación mínima de quince días, por correo electrónico ou mediante calquera medio que deixe constancia do seu envío ou posta a disposición, recepción ou acceso.

As reunión da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse e por tanto, asistir ás mesmas, nas seguintes modalidades:

- Presencial.
- Mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación das persoas asistentes e a permanente comunicación entre elas.
- Mediante un sistema mixto que combine a modalidade presencial coa telemática.

Corresponde á Presidenta, apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a unha ou a outra modalidade. En todo caso, nas modalidades telemática e/ou mixta, a convocatoria deberá cumplir cos mesmos requisitos formais que se establecen para as asembleas presencias e ademais deberá garantir que:

- Todas as persoas socias que desexen participar na Asemblea de forma telemática teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos axeitados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algúin.
- Quede debida constancia da identidade de todas as persoas asistentes que participen na Asemblea de forma telemática. Esta identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo que da persoa asociada en cuestión teña a persoa que asume á Secretaría da entidade, ou por exhibición a través da webcam dun documento de identificación.

Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR

"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

A fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte de aquelas socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria seralles requerido para que cando confirmen a súa asistencia/participación se pronuncien sobre este extremo.

No suposto de que as persoas socias manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a emendar dita carencia, a Presidenta acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto una nova comunicación se fora necesaria.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre un número significativo de asistentes con dereito a voto e a entidade, a Presidenta proporá á asemblea a suspensión da mesma, comunicando ás persoas asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Dia proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

Artigo 26

Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis unha das socias e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socias asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán mediar, como mínimo, media hora.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos á disposición ou alleamento de bens inmóbiles, modificación de estatutos e disolución de **ACADAR**, requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número das persoas asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar subscrita pola Secretaria e a Presidenta.

As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa firma da Secretaria e o visto e prace da Presidenta.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Artigo 27
Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de **ACADAR**.

A Xunta Directiva estará composta polas seguintes membros:

- Presidenta
- Vicepresidenta
- Secretaria
- Tesoureira
- Vogais, nun número nunca inferior a catro (4).

As persoas que actúan como representantes legais de mulleres con discapacidade xunto coas mulleres sen discapacidade socias de pleno dereito, non poderán superar o vinte por cento das persoas que integran da Xunta Directiva.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasiona o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Todas as integrantes da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, sen poder exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a Presidenta terá un voto de calidade.

As integrantes da Xunta directiva cesarán nos seus cargos por:

- a) Por baixa voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva
- b) Por expiración do mandato.
- c) Por causa ou disposición legal.
- d) Por expulsión a causa de:
 - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
 - Incumprimento das obrigas que xe lle poden encomendar.
 - Incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de **ACADAR**.

A expulsión como integrante da Xunta Directiva de **ACADAR** só poderá producirse previa audiencia da persoa interesada e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral Extraordinaria.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Artigo 28
Duración da Xunta Directiva

As componentes da Xunta Directiva serán elixidas por un período de catro anos.

Se se produce a metade máis unha de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas.

Mentres non se alcance o citado número de baixas, as persoas cesantes serán substituídas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria. Mentres tanto, as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 29
Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse más dunha candidatura, será elixida a máis votada.
- As votacións serán a man alzada, a non ser que a maioría das asistentes da Asemblea solicite o voto secreto.
- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

Artigo 30
Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

1. Executar a política de **ACADAR** e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
2. Administrar o patrimonio de **ACADAR**.
3. Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende **ACADAR**.
4. Admitir ás persoas socias que soliciten a admisión en **ACADAR** e acordar a suspensión temporal dos dereitos dalgunha persoa socia.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

5. Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
6. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
7. Nomear Presidenta e socias de honra, así como admitir as persoas socias colaboradoras.
8. Facultar, por medio de poderes ás mulleres que estime axeitado.
9. Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
10. Expor ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese de **ACADAR** e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
11. En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio de **ACADAR** dos que terá que dar conta a Asemblea.
12. Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre as socias de **ACADAR**. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por mulleres que non formen parte da Xunta Directiva.
13. Aprobar a creación de Delegacións de **ACADAR**.
14. Interpretar os presentes Estatutos.

Artigo 31
Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, como mínimo, unha vez cada trimestre ou cando o decida a Presidenta por si, ou a petición do vinte por cento das súas integrantes.

O cargo de directiva osténtase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutra integrante da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola Presidenta da Xunta Directiva ou persoa en quien delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá á Presidenta, a proposta da Secretaria, quen terá en conta, no seu caso, as peticións das demais integrantes.

Será de aplicación o disposto no Artigo 25 dos presentes Estatutos, en relación ás modalidades de celebración e asistencia telemática e/ou mixta das asembleas, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a Presidenta, poderán acudir á reunión da mesma mulleres non pertencentes a ela con carácter de asesoras.



Artigo 32 **Comisión Permanente**

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis áxil o goberno de **ACADAR**. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Será de aplicación o disposto no Artigo 25 dos presentes Estatutos, en relación ás modalidades de celebración e asistencia telemática e/ou mixta das asembleas, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Comisión Permanente

Artigo 33 **Comisión de Ética**

Crearase unha Comisión de Ética composta por mulleres pertencentes ou non a **ACADAR**, designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade velar porque as actuacións, tanto de **ACADAR**, como das súas socias a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas (eliminación de prácticas comisionistas, dobres financiamentos ou financiamentos irregulares, etc.). Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34 **Presidenta**

Son funcións da Presidenta:

1. Representar oficialmente a **ACADAR**.
2. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
3. Nomear a calquera persoa como Asesora, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera servicio de asesoría non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presenza de persoas invitadas nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
5. Ordenar os pagos con cargo aos fondos de **ACADAR**. Levar a sinatura social conxuntamente coa Secretaria ou a Tesoureira.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

6. A retirada dos fondos de **ACADAR** depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura da Secretaria ou da Tesoureira.
7. Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subscrever contratos en nome de **ACADAR**, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanças, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins de **ACADAR**.
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de **ACADAR**.
11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

Artigo 35
Vicepresidenta

A Vicepresidenta substituirá temporalmente á Presidenta nos casos de ausencia ou enfermidade.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións da Presidenta que esta delegue expresamente nela.

No caso de substitución definitiva, esta sería aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 36
Secretaria

As funcións da Secretaria son:

1. Custodiar os libros, documentos e selo de **ACADAR**, agás os libros de contabilidade.
2. Levar o Libro de Rexistro de persoas Socias.
3. Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
4. Librar certificacións con referencia aos Libros e documentos de **ACADAR** co visto e prace da Presidenta.
5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da Presidenta.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

6. Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviaranse as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
7. Responsabilizarse, xunto co Presidenta, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de **ACADAR**.
8. A organización dos servizos técnicos de **ACADAR**.
9. Impulso e control do funcionamento de **ACADAR**.
10. A representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación da Presidenta.
11. Responsabilizarase de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, de **ACADAR**.

Artigo 37
Tesoureira

As funcións da Tesoureira son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumplimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de **ACADAR**.
3. Custodiar os fondos de **ACADAR**, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento de **ACADAR**. Para dispoñer dos fondos de **ACADAR**, necesitará da sinatura da Presidenta.
4. Farase cargo das cantidades que se ingresen en **ACADAR**, arquivando os libramientos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituir e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da Presidenta.
6. Elaborará os orzamentos anuais e fará previsións de futuro.
7. Cobrará as cotas das socias.
8. Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.

Artigo 38
Vocais

As funcións das vocais son:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.





ESTATUTOS DE ASOCIACIÓN
ESTATUTOS VISADOS

Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

2. Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumplir os fins que marcan os Estatutos.

CAPÍTULO IV
DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39
Impugnacións

1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva de **ACADAR**, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, agás que a Presidenta estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ao comezo da reunión.
2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvan expresamente o seu voto.
3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos agás que ditos órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 40
Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.
2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determina.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

CAPÍTULO V
DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 41
Recursos económicos

Para atender aos seus fins, **ACADAR** contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan as persoas socias, se se establecen.
2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanças que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, mobles e inmobles.
4. rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.
6. capital fundacional de **ACADAR** é nulo, e o orzamento anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).

Artigo 42
Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva.
- b) Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

Artigo 43
Pago de cotas

As cotas deberán ser aboadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente, ou ao terminar o prazo fixado cando fosen extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para as socias que, nos prazos previstos no parágrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ao ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

Sen embargo, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión na seguinte Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 44
Orzamento

ACADAR funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado pola Tesoureira, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das socias, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobarlo ou censuralo

CAPÍTULO VI
DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45
Procedemento de modificación

Os Estatutos de **ACADAR** só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da mayoría socias, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por mayoría dos dous terzos socias presentes e representadas.

CAPITULO VII
DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46
Disolución

ACADAR poderá disolveuse por unha das seguintes causas:

- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.



Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

- b) Por sentencia xudicial firme.
- c) Por vontade dos dous terzos das socias manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

Artigo 47
Comisión liquidadora

Acordada a disolución de **ACADAR** pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de **ACADAR**.

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou más comisarias elixidas pola mesma entre as socias.

Artigo 48
Asemblea Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución

Artigo 49
Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas todas as obrigas pendentes que sexan de **ACADAR**, o sobrante de fondos que resultase pasará a formar parte do patrimonio da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) que poderá ceder en uso a aquellas entidades sen ánimo de lucro de mulleres con discapacidade do País Galego que defendan os principios fundamentais destes Estatutos.





Estatutos da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, ACADAR
"IV Asemblea Xeral Extraordinaria 2021"

DILIXENCIA:

Os presentes Estatutos, quedaron redactados incluíndo as modificacións acordadas na IV Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada ó efecto o día 3 de xuño de 2021.

Vº e Pre.

34264557P Firmado digitalmente por
MONICA ALVAREZ 34264557P MONICA
(R: G70223417) ALVAREZ (R: G70223417)
Fecha: 2021.06.16 13:17:46
+02'00'

Asdo.: Mónica Álvarez San Primitivo
Presidenta
D.N.I.: 34.264.557-P

PEREZ PIÑEIRO Firmado digitalmente por
MARIA JESUS - PEREZ PIÑEIRO MARIA
35476314X JESUS - 35476314X
Fecha: 2021.06.16 13:31:07
+02'00'

Asdo.: Mª Jesús Pérez Piñeiro
Secretaria
D.N.I.: 35.476.314-X

